

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN
CLEAN ENERGY SHIP DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE INSTRUMENTA A
SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA DE 2024 PARA PARTICIPAR NA MONACO ENERGY BOAT CHALLENGE (MEBC)

EXPEDIENTE: 2024043108

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CLEAN ENERGY SHIP DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLO QUE SE INSTRUMENTA A SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NOS ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 2024 PARA PARTICIPAR NA MONACO ENERGY BOAT CHALLENGE (MEBC)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, entidade con CIF: P-36 000 00-H, quen actúa en virtude das competencias que se lle atribúen nos artigos 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, Marcos Pardeiro Álvarez, con NIF 34 289 621-W, en calidade de presidente da asociación Clean Energy Ship UVigo, inscrita no censo de entidades xuvenís da Xunta de Galicia co número de rexistro 50PS259 e rexistrada como asociación estudantil da Universidade de Vigo (UVigo) co número ASC22/04, en representación desta.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e conforme aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións de calquera entidade pública. De acordo co anterior,

EXPOÑEN

Primeiro. Que no artigo 22.2.f da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra se recolle que as subvencións se poderán conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

Segundo. Que o Pleno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria do 31 de maio de 2024, a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2024 (expedientes 2024032693 e 2024016154).



Nel prevese, entre outras, a seguinte subvención nominativa:

- Suplemento de crédito "Sup.02/24":
 - o Aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02
 - o Denominación: A entidades de Iniciativa Social-Xuventude e Reto demográfico, Asociación Estudiantil CES UVIGO
 - o Importe: 6.500,00 euros.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 2/2024 entenderase definitivamente aprobado se non se formulan reclamacións contra el no prazo de exposición pública. Ao non presentarse reclamacións neste prazo, este considérase definitivamente aprobado.

A aprobación definitiva publícase no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) número 127, de 1 de xullo de 2024.

Terceiro. 1. Que a entidade beneficiaria, o 14 de xuño de 2024, unha vez formalizada a súa solicitude de subvención nominativa, presenta por rexistro electrónico número WEB2024040042 unha solicitude de subvención por importe de 6.500,00 €. O obxecto de subvención é a participación na **MEBC**, que se desenvolverá en xullo de 2024.

2. O seu fin é contribuír ao coidado do medio e á preservación da biodiversidade mariña a través da promoción do uso de enerxías renovables e tecnoloxías sostibles no transporte marítimo, así como inspirar outras persoas a explorar solucións innovadoras e sostibles para os desafíos ambientais e enerxéticos que afrontamos como sociedade e aliñarse coa Axenda 2030 e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

O equipo está composto por alumnado das escolas de Enxeñaría de Telecomunicacións, Enerxías e Industriais, sendo os distintos departamentos: Márketing, Electrónica, Telemetría, Casco, Batería e Paneis Solares. **O obxecto da subvención e financiar a súa participación na prestigiosa regata MEBC na categoría solar.**



3. Con carácter previo, traballouse no deseño e na fabricación dunha embarcación solar propulsada por hidrofoil, incluíndo todos os sistemas necesarios para o seu funcionamento óptimo. Non só se buscou o deseño e a construción da embarcación, senón tamén a ampliación dos coñecementos e das habilidades técnicas do equipo a través da experiencia adquirida durante o desenvolvemento do proxecto nos seguintes ámbitos:

- Deseño mecánico, naval e aeronáutico (hidrofoil) - Motores eléctricos.
- Construción con composites, como resinas e carbono. - Paneis solares, *Maximum Power Point Tracking* (MPPT).
- Electrónica de control e de potencia, programación de microcontroladores. - Sensorización.
- Baterías de litio e sistemas de protección. - Navegación autónoma (autopiloto).
- Regulación automática dos foil.
- Comunicacións sen fíos en contornas marítimas (telemetría).
- Motores eléctricos.
- Paneis solares, MPPT.
- Sensorización.
- Navegación autónoma.

4. O proxecto nace coa idea de competir na clase solar da MEBC. Así, xunto coa UVigo e, en concreto, coa Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, proxectouse un trimarán de 6 metros de eslora e 2 metros de manga, que servirá como plataforma para investigacións do alumnado.

Desenvolven unha técnica de fabricación propia baseada en materiais compostos para as matrices dos nosos paneis. Enriba do material composto, normalmente de fibra de vidro, colocamos as células, previamente cubertas cunha fina lámina de polímero termorretráctil.



Todos os paneis solares están destinados a cargar a batería da embarcación. Xa que cada panel proporciona distintas cantidades de enerxía, principalmente debido ao seu tamaño, é necesario regular a tensión e a corrente antes da carga. Isto conséguese mediante equipos coñecidos como MPPT que se encargan de buscar sempre a máxima eficiencia posible.

Os hidrofoil son dispositivos aerodinámicos, pouco comúns, que se empregan en embarcacións para reducir o arrastre e aumentar a velocidade. Consisten nunha serie de ás que se fixan baixo o casco da embarcación e se estenden cara abaixo na auga.

Cando a embarcación se despraza, a forma do hidrofoil crea un efecto que levanta o casco da embarcación fóra da auga, o que reduce o arrastre e aumenta a velocidade. Úsanse principalmente en embarcacións de alta velocidade, coma barcos de carreiras, lanchas rápidas e ferris.

Competir na MEBC, unha regata internacional na que participan estudantes e profesionais de todo o mundo en diferentes categorías (Enerxía, Solar e Mar Aberto), organizada polo Club de lates de Mónaco, busca promover unha nova visión do iate e accións positivas en resposta aos desafíos ambientais e tecnolóxicos.

Desta maneira, o Club de lates de Mónaco está a converterse nun lugar de incubación para a investigación e o desenvolvemento na náutica, e é un paraíso para quen busca potenciar as súas capacidades profesionais e adquirir experiencias únicas.

Así, para o equipo da asociación estudantil CES Uvigo, este evento é unha oportunidade para conectarse con outras e outros enxeñeiros e profesionais na industria da náutica, así como para aprender de persoas expertas en ciclos de conferencias e charlas técnicas.

Cuarto. Que, unha vez avaliada a solicitude de subvención presentada pola entidade beneficiaria, se acredita que o expediente administrativo reúne os requisitos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



Quinto. Que no artigo 22.2.a da LXS se establece e regula a canalización da concesión de subvencións nominativas previstas nos orzamentos das entidades locais. Ademais, no seu artigo 28.1 dispónse que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos e que nos devanditos convenios se establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Sexto. Que as administracións públicas poden formalizar convenios de colaboración con persoas tanto de dereito público coma privado, ao abeiro do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Sétimo. Que a finalidade deste convenio é canalizar a favor da entidade beneficiaria a subvención que figura no vixente orzamento provincial co seguinte texto literal: **A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL-XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO (asociación estudiantil CES UVIGO), importe: 6.500,00 €**, así como establecer as condicións e os compromisos que asume a asociación beneficiaria.

O detalle do orzamento é o seguinte:

GASTOS DE ALOXAMENTO	1.552,69 €
Mónaco (7 persoas):	1.298,39 €
Pancorbo (4 persoas):	121,10 €
Saint Martin de Crau (4 persoas):	133,20 €
DESPRAZAMENTO	1.484,26 €
Voo a Mónaco:	1.184,26 €
Aloxamento/aparcadoiro no recinto:	100,00 €
Transporte ao aeroporto (2 coches):	100,00 €
Aparcadoiro no aeroporto (2 coches):	100,00 €
EQUIPACIÓN SERIGRAFIADA LOGOS DEPUTACIÓN, ENTRE OUTROS	613,05 €
GASTOS DE MANUTENCIÓN	2.500,00 €
ENTRADAS AO RECINTO	350,00 €
TOTAL DE GASTOS	6.500,00 €



De acordo cos motivos expostos e para que as dúas entidades cumpran cos seus obxectivos, ao abeiro do disposto no artigo 22.2.a da LXS, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a asociación estudiantil Clean Energy Ship UVigo para canalizar unha subvención nominativa coa finalidade de executar o proxecto “**Monaco Energy Boat Challenge (MEBC)**”, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer unha liña de colaboración mediante a cal a Deputación lle outorga unha subvención á devandita asociación estudiantil da UVigo para financiar os gastos derivados da participación na **MEBC**, que se desenvolve en xullo de 2024.

Segunda. Contía e crédito orzamentario

A contía da subvención ascende a 6.500,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.480.02 do Orzamento provincial vixente.

Terceira. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención nominativa prevista no seu orzamento á asociación estudiantil Clean Energy Ship UVigo e aboarlle o importe de 6.500,00 €, condicionado ao cumprimento dos termos establecidos neste convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos nel establecidos.



Cuarta. Obrigas da entidade

1. A entidade contará cos recursos e cos medios materiais e persoais suficientes para garantir o desenvolvemento da súa actividade e participar na **MEBC**.

2. Así mesmo, comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade e destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se lle concedeu, de acordo co proxecto achegado xunto coa solicitude.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras axudas que reciba doutras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- Facer constar a colaboración e a participación da Deputación en toda a publicidade que elabore sobre o convenio, independentemente do medio de difusión.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial.
- Someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información se lle requira no exercicio das actuacións anteriores.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención xeral da Deputación de Pontevedra no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.



- Cumprir cos demais supostos contemplados neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da LXS.
- Prestar o seu consentimento para incluír e facer público, se así se estimase, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios, este convenio de colaboración.

Quinta. Notificación electrónica

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sexta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que estean correctamente xustificados de conformidade coa normativa en vigor, sexan necesarios e respondan de maneira indubitada á natureza e ao normal desenvolvemento do proxecto. Estes deberán corresponderse cos conceptos e importes detallados no orzamento que se incorpora como anexo a este convenio, sen prexuízo do réxime de desviacións e modificacións que resulte aplicable.

Sétima. Prazo e procedemento de xustificación e pagamento

A entidade beneficiaria asume o cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 14 e 30 da LXS e no capítulo II do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, relativas á xustificación das subvencións públicas.

A entidade beneficiaria deberá xustificar, obrigatoriamente por medios electrónicos, a aplicación da subvención mediante o modelo de conta xustificativa dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

O prazo para presentar a xustificación da axuda rematará o **31 de xaneiro de 2025**.

Para a xustificación da axuda, presentará a seguinte documentación:

1. Conta xustificativa na que se relacionen os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 6.500,00 € e executados no desenvolvemento da actividade, tal como se establece no artigo 30 da LXS.



2. Xustificación de ingresos, na que se relacionen outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos que lle afecten total ou parcialmente á actividade subvencionada.
3. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; en cada factura indicaranse o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total.
4. Memoria da actividade que se realizou debidamente asinada, na que figuren todas as actividades efectuadas e sinaladas previamente e na que se indiquen os obxectivos acadados, as actividades levadas a cabo e os resultados obtidos.
5. Acreditación da debida divulgación do financiamento da actividade subvencionada mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos que inclúan o logotipo de Deputación de Pontevedra.

A falta de presentación de xustificación, unha vez transcorridos os prazos salientados, dará lugar ao requirimento de xustificación por parte da Deputación no prazo improrrogable de quince (15) días, segundo o disposto no artigo 25.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

A falta de presentación da xustificación neste novo prazo de quince (15) días comportará a perda do dereito de cobro e/ou reintegro da subvención outorgada ao abeiro deste convenio de colaboración.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación son as seguintes:

- Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial; establecerase unha porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial que non debe superar o 20 %. A variación dos importes entre os conceptos de gasto corrente (excepto os gastos de persoal) ou os ingresos e a introdución de novos conceptos non se considerará modificación da subvención concedida, sempre que, de xeito indubidable, non se modifique o obxecto da subvención.



- O pagamento das facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse, de non facelo antes, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos e preferentemente a través de entidades financeiras. Será obrigatorio cando o importe de cada factura supere os 900,00 €.
- A concesión desta subvención é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin; terase en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da actividade que se leve a cabo.
- A entidade beneficiaria, de acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, estará suxeita ao control financeiro que se poida exercer, no prazo de catro (4) anos, contados a partir do pago da subvención. Indicaráselle que, de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe destes).
- Para pagar a subvención, terase en conta o seguinte:
 - No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
 - No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, sempre e cando se acredite o cumprimento da finalidade ou do proxecto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Para aboar a cantidade, a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non poderá estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.



Oitava. Compatibilidade

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Conforme ao disposto nos artigos 19.3 da LXS e 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e dos seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a entidades sen fins de lucro da provincia de Pontevedra para o ano 2024 da Deputación de Pontevedra.

Novena. Comisión de Seguimento

A Deputación de Pontevedra ostentará a dirección, supervisión e control das tarefas obxecto do convenio. Para tal fin constituirase unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que se someterán todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre este.

Esta comisión estará composta, en representación da Deputación de Pontevedra, polo deputado delegado de Reto demográfico, Xuventude, Desenvolvemento Rural e Cultura, que presidirá a Comisión; pola xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ou pola persoa en quen delegue; e, por parte da entidade, polo seu presidente ou pola persoa na que delegue.

Décima. Control, seguimento e avaliación

A Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.



O persoal técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico velará por que se cumpran as condicións esixidas para a concesión da subvención e para que se realicen correctamente todas actuacións previstas na memoria da actividade.

A través da área de Intervención, esta subvención poderase someter a control financeiro, tal e como se establece nos artigos 44 da LXS e 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De acordo co establecido na Resolución presidencial do 14 de febreiro de 2023 (núm. de rexistro 2023001273), segundo o procedemento establecido na Resolución presidencial do 3 de maio de 2017 (núm. de rexistro 2017008767), en relación coa remisión ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen coa Deputación e cos seus organismos dependentes, no artigo 53 da LRXSP e na normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas, Resolución do 2 de decembro de 2016), as entidades locais deben remitir anualmente, e por procedemento telemático, unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados pola entidade local (e as súas entidades dependentes) no exercicio anterior, independentemente do seu importe e antes de que conclúa o mes de febreiro do exercicio seguinte ao que se refira.

Ademais, deberán comunicarse as incidencias que xurdan durante a súa execución (modificacións, prórrogas ou variacións de prazos etc.) no prazo de tres (3) meses desde a data na que se produzan.

Para tales efectos, co obxectivo de contribuír aos principios de publicidade e transparencia, este convenio publicárase nas páxinas web das entidades asinantes.

Décimo primeira. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de xaneiro de 2025.

En canto ao período de realización das actividades, este abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024, con independencia da data na que se asine.

Décimo segunda. Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada neste convenio.

Ao abeiro do previsto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria ten a obriga de presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade que se vai desenvolver. Non obstante, por parte da entidade beneficiaria, non poderá subcontratarse máis do 50 % do importe da actividade subvencionada.

Décimo terceira. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51.2 da LRXSP, que poderán dar lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros.

Décimo cuarta. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención

As subvencións concedidas deberán reintegrarse cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención e/ou reintegro, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- A falta de achega dos permisos ou autorizacións necesarios para realizar a actividade, de ser estes necesarios.
- O incumprimento da obriga de presentación de xustificación nos termos establecidos.
- O incumprimento das demais causas recollidas na normativa de subvencións.



Décimo quinta. Control financeiro

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada.

A contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables co total de gastos e de ingresos e, no caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, na que se indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexta. Réxime xurídico e lexislación aplicable

- LXS
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- LSG
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016)
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente
- Con carácter supletorio, a LRXSP.

As lagoas ou controversias que xurdan na aplicación deste convenio serán interpretadas e resoltas motivadamente pola Administración provincial, logo do ditame non vinculante da comisión á que se fai referencia neste convenio.



Contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, resolveranse na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo sétima. Relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ningunha, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Deputación de Pontevedra, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á Deputación de Pontevedra responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A entidade beneficiaria quedará obrigada a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e fiscais do persoal contratado por ela para levar a cabo as actividades financiadas por este convenio, de ser o caso.

Décimo oitava. Protección de datos

As partes manifiestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

As partes comprométense a:

- Tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo.
- Garantir que os datos de carácter persoal non sexan obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.
- Non cederlles a terceiras persoas os datos de carácter persoal, salvo nos casos nos que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

A entidade colaboradora adoptará as medidas adecuadas para limitar o acceso das súas empregadas e empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.



Os datos de carácter persoal deberán destruírse ou devolverse unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento no que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas as partes, sen prexuízo das excepcións que se puidesen establecer na normativa ou nas decisións xudiciais con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que o requiran pola súa natureza. Deberá dárselle o mesmo destino a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

En proba de conformidade, as partes intervenientes asinan este convenio dixitalmente.